

**6372** LEI 7/1999, do 16 de marzo, sobre concesión dun crédito extraordinario, por importe de 1.498.900.000 pesetas, na Sección 33, «Fondo de Compensación Interterritorial», para dar cumprimento á sentenza do Tribunal Supremo do 7 de novembro de 1992, a favor da Generalitat Valenciana, relativa ó Fondo de Compensación Interterritorial de 1989. («BOE» 65, do 17-3-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Tribunal Supremo establece na sentenza do 7 de novembro de 1992 e nos autos con datas do 12 de xaneiro de 1994 e do 26 de marzo de 1997 a obriga de repoñe-la cantidade de 1.498.900.000 pesetas á Generalitat Valenciana como consecuencia da minoración do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), correspondente á Comunidade Valenciana durante o exercicio 1989.

O Real decreto-lei 3/1989, do 31 de marzo, de medidas adicionais de carácter social, establecía no seu artigo 22 que o custo das medidas previstas nel, estimado en 197.600.000.000 de pesetas, non suporía aumento no gasto total orzado, debendo financiarse mediante transferencias entre as distintas dotacións dos orzamentos xerais do Estado para 1989.

En virtude disto, por acordos do Consello de Ministros do 28 de abril e do 12 de maio de 1989, determináronse as partidas orzamentarias obxecto de minoración mediante as correspondentes transferencias de crédito ó concepto 31.02.633A.483 «Crédito destinado a reasigna-lo financiamento do custo das medidas de carácter social».

Varias destas transferencias minoraban o Fondo de Compensación Interterritorial, e en concreto a participación neste Fondo da Generalitat Valenciana, polo cal a mencionada Comunidade Autónoma interpuxo recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Supremo contra os referidos acordos.

A Sala Terceira do Contencioso-administrativo, Sección Segunda, do Tribunal Supremo, con data do 7 de novembro de 1992, dictou sentenza a prol da Generalitat Valenciana estimando parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto contra os acordos do Consello de Ministros do 28 de abril e do 12 de maio de 1989, e contra o do 16 de marzo de 1990, que desestimaba o recurso de reposición interposto contra os dous anteriores. Así mesmo, a sentenza anulou os acordos do Consello de Ministros do 28 de abril de 1989 e do 16 de marzo de 1990 citados, en canto reduciron a dotación do Fondo de Compensación Interterritorial correspondente á Comunidade Valenciana e a súa participación nos ingresos do Estado do exercicio 1989.

O avogado do Estado, en representación da Administración xeral del Estado, formulou o 28 de xullo de 1993 incidente de inexecución da sentenza anterior por entender que a atribución dunha cantidade determinada á Comunidade recorrente e non a outras que non impugnaron os acordos anulados implicaría unha alteración das porcentaxes respectivas de participación previstas na Lei 7/1984, do 31 de marzo, reguladora do FCI e por considerar que non se podía executar nos propios termos unha sentenza que facía referencia á dotación dunha partida dun orzamento de carácter anual cando

este xa estaba pechado. Substanciado este incidente, a Sala Terceira do Tribunal Supremo, por auto do 12 de xaneiro de 1994, acordou que a execución da sentenza do 7 de novembro de 1992 comporta a necesidade de transferir á Generalitat Valenciana unha cantidade de 1.498.900.000 pesetas co fin de que con ela poidan financiarse os proxectos de investimento correspondentes.

Posteriormente, o avogado do Estado presentou o 29 de xullo de 1994 un escrito no que afirma a existencia dun erro aritmético na sentenza, consistente en que o acordo do Consello de Ministros anulado só establecerá a redución da asignación da Generalitat Valenciana no Fondo en 656.000.000 de pesetas, e que a restante cantidade ata 1.498.900.000 pesetas, foi establecida por acordo do 12 de maio de 1989, que non foi obxecto de anulación pola referida sentenza. O auto da Sala Terceira do Tribunal Supremo, do 26 de marzo de 1997, acordou denega-la petición de rectificación do erro material ou aritmético no debido pola Administración xeral do Estado.

Coa finalidade de dar cumprimento á sentenza do Tribunal Supremo e repoñe-la cantidade de 1.498.900.000 pesetas, para poder financia-los proxectos de investimento que efectuará a Generalitat Valenciana correspondentes ó Fondo de Compensación Interterritorial do exercicio 1989, tramítase o presente crédito extraordinario, de acordo co Consello de Estado, logo do informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

#### Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédesse un crédito extraordinario, por importe de 1.498.900.000 pesetas á Sección 33 «Fondo de Compensación Interterritorial», Servicio 09 «Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais, Comunidade Valenciana», Programa 911C «Transferencias a Comunidades Autónomas polo F.C.I.», capítulo 7 «Transferencias de capital», artigo 75 «A Comunidades Autónomas», concepto 750 «Transferencia á Comunidade Valenciana para dar cumprimento á sentenza do Tribunal Supremo do 7 de novembro de 1992, relativa ó Fondo de Compensación Interterritorial de 1989».

#### Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario a que se refire o artigo anterior financiarase con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 16 de marzo de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ